

Outono electoral en Polonia: entre a abstención e a reacción

Anxo Collarte

Polonia viviu nos derradeiros meses de 2005 procesos electorais encadeados, comezando polos comicios parlamentares de 25 de setembro e, a seguir, as presidenciais de 9 e 23 de outubro, en primeira e segunda volta. Ao tempo que tratamos de analizar os resultados dos escrutinios electorais aproveitaremos para ofrecer un breve repaso da realidade social, política e económica de Polonia.

Unha análise dende Galiza é cada vez máis necesaria dado o peso do Estado polonés, un dos maiores do continente europeo e que ben pode representar o presente dos novos Estados da UE-25, un conxunto de nacións xenericamente coñecidos como “países do Leste”, que afortunadamente suscitan entre nós cada vez maior atención económica e cultural, por moito que as visións comúns sigan pragadas de tópicos e prexuízos arredor dunhas terras que non se atopan tan afastadas de nós como decote se supón, nin xeográfica, nin socialmente.

Dinámicas políticas recentes

Os comicios parlamentares e presidenciais sucédense nun breve tempo ao coincidir o proceso de renovación presidencial e parlamentar despois de cinco e catro anos de mandatos respectivos, aínda que como primeira observación, o feito de se esgotar nas Cámaras de Representantes, *Sejm* (equiparábel ao Congreso de Deputados español) e *Senat* (senado), a lexislatura constitucionalmente prevista, encobre a inestabilidade parlamentar e gubernamental no Estado eslavo.

Sorprendente é o extremo predominio acadado polos grupos de dereita e, pode selo aínda máis, tendo en conta que a esquerda política partía no arranque da lexislatura da mellor posición de que disfrutara dende a instauración do sistema pluripartidista en 1989. A indiscutida vitoria de Aleksander Kwasniewski nas presidenciais de outubro de 2000, e a formación de goberno polo seu propio partido, a resultas das parlamentares de 2001, facía agardar a chegada dun período de estabilidade no poder lexislativo e executivo, descoñecido na Polonia poscomunista.

Mais a realidade política do país veu marcada pola inestabilidade e a alternancia continua de partidos políticos e dirixentes á cabeza dos poderes do Estado, unha realidade que vén sendo común ás novas democracias da Europa centro-oriental e que só Kwasniewski semellaba rachar. Este antigo ministro dos Exteriores da República Popular polonesa, despois de triunfar perante Lech Walesa na segunda volta dos comicios presidenciais de 1995, superaba en 2000 o 50% dos votos xa en

primeira volta, un consenso electoral inédito até a actualidade. E, un ano despois, a posición do centro-esquerda poscomunista semellaba inmejorable cando a resultados das eleccións parlamentares de 2001, a dereita gobernante encabezada pola Acción Electoral Solidariedade (*Akcja Wyborcza Solidarnosc*, AWS), que viñera cohabitando no poder con Kwasniewski, cedía os escritorios ao partido do presidente, a Alianza da Esquerda Democrática (*Sojusz Lewicy Demokratycznej*, SLD).

No entanto, esta pasada lexislatura, 2001-2005, a inestabilidade tanto no poder lexislativo como no executivo continuou presente, adubando o terreo para a reedición da alternancia de forzas políticas.

Os executivos en Polonia sofren unha inestabilidade se cabe maior e en bo grao derivada das divisións nos partidos que os apoian a nivel parlamentar, o que, por outra parte, imposibilitou aínda a estabilización dun sistema de partidos, xa que o Parlamento xurdido das urnas do 25 de setembro de 2005 é o primeiro no que non aparece ningunha nova formación política.

Foron dez primeiros ministros distintos quen presidiron o goberno polonés, dende a chegada ao cargo de Tadeusz Mazowiecki en setembro de 1989, só conseguindo o *solidario* Jerzy Buzek permanecer á cabeza do goberno unha lexislatura enteira, entre 1997 e 2001, se ben cun cambio de adscrición partidaria por medio. Ambas situacións, ruptura interna da maioría parlamentar e cambios gobernamentais conxugáronse neste derradeiro mandato parlamentar para sementar o camiño cara á caída da SLD, malia que en 2001 con Kwasniewski no seu apoxeo de popularidade, e coligada coa Unión do Traballo (*Unia Pracy*, UP), rozaba a maioría absoluta co 41% dos votos e 216 deputados de 460 do total do *Sejm*.

O novo goberno, presidido por Leszek Miller, contaría co apoio parlamentar dos 42 lexisladores do Partido do Pobo Polonés (*Polskie Stronnictwo Ludowe*, PSL), en realidade, un partido campesiño de centro-dereita e tradición centenaria. Ambas formacións, as únicas con presenza parlamentar ininterrompida dende 1989, retornaban a formar goberno como xa fixeran na primeira experiencia de executivo liderado pola SLD en 1993-1997.

Os principais retos do novo goberno, propiciado polas urnas en 2001, resumíanse en superar o desaceleramento económico, activar a creación de emprego e preparar o ingreso polonés na UE. Non obstante, a coalición gobernamental SLD-PSL rachábase a comezos de 2003, meses antes do referendo de integración europea, no que sorprendentemente participaba o 60% do censo, máis que nos recentes comicios, cunha porcentaxe de favorábel do 77%, no que foi o maior éxito político do goberno de Miller.

A definitiva crise interna chegaba na primavera de 2004 coa ruptura interna da SLD, da que se escindía un grupo de deputados para conformaren Socialdemocracia de Polonia (*Socialdemokracja Polska*, SdPi), proxecto situado aparentemente á esquerda dos partidarios de Kwasniewski. O executivo de Miller era arrastrado pola continua perda de popularidade da SLD, ante as crecentes denuncias de corrupción e o fracaso na contención do desemprego e do déficit público. O 2 de maio de 2004, Miller presentaba

a súa demisión, sucedéndoo Marek Belka, antigo ministro de Economía e que non disfrutaría de maior acougo, presentando a súa demisión un ano despois, se ben continuou, ao resistirse Kwasniewski a aceptala, até que se esgotara a lexislatura.

As eleccións ao Parlamento europeo xa anunciaron as tendencias electorais dominantes neste outono de 2005. Pasaba a ilusión do referendo, no que a propaganda oficial pola participación e o voto favorábel á integración fora omnipresente, e acadía só un 20% do censo, no que destacaban os partidos de dereita. A SLD e a SdPI, maioría no *Sejm* e consideradas como as opcións de esquerda, ficaban con exiguos 9,3 e 5,3% dos sufraxios. Namentres a centrodereita liberal da Plataforma Cidadá (*Platforma Obywatelska*, PO) e a Unión Liberal (*Unia Wolności*, UW) obtiña máis dun 30%, a dereita católica e euroescéptica: Lei e Xustiza (*Prawo i Sprawiedliwość*, PiS), Autodefensa (*Samoobrona*, SO) e Liga de Familias Polonesas (*Liga Polskich Rodzin*, LPR), un 40% entre as tres formacións e o partido campesiño un 6,3%.

Así as cousas, Polonia situouse no remate desta lexislatura cun goberno de centro esquerda que nin sequera intentara desenvolver o seu propio programa, condicionado no plano interno pola presión dunha Igrexa católica chave para manter a estabilidade social e gañar apoios ao acceso na UE e no externo por unha alianza cos EEUU, sagrada para os poloneses por proporcionar o paraugas da OTAN perante a secular desconfianza cara alemáns e rusos, mais que envolveu de cheo a Kwasniewski no embrollo iraquí e, tal como se está descubrindo, no sistema global de tortura e guerra suxa creado dende o 11-S.

Por outra parte, cos poscomunistas no poder, continuaron as diminucións de prestacións sociais. É evidente que no vixente sistema de economía política a redución do gasto social é unha primeira medida á que os distintos gobernos acoden para coutar os problemas financeiros, que no caso polonés se agravan pola nula creación de emprego (continúa a reconversión da antiga economía social apenas compensada por deslocalizacións industriais) e a baixa presión fiscal, malia estar o gasto público polonés moi por baixo da media comunitaria, mesmo do nivel do Estado español.

En relación ao PIB, o déficit acadou un 5% anual no último trienio e non baixará do 3% a curto prazo. Basta lembrar a grande simpatía existente cos executivos de Aznar, amizade forxada na crise iraquí, e que dende o 14-M, España está moito menos na moda entre os medios poloneses. En definitiva, un panorama común entre a socialdemocracia europea presa da hexemonía universal neoconservadora. Estando así as cousas as simpatías sociais fóronse inclinando cara as promesas da dereita xenuína.

Outono de 2005: opcións en xogo e resultados

O partido de goberno, a SLD, partía na carreira electoral co convencemento propio e alleo de encontrarse ás portas dun derrubamento absoluto e sen máis aspiracións que manter un grupo parlamentar dende o que probar mellor sorte nun futuro que se presenta avesío para os poscomunistas.

Non só o partido chegou escindido á celebración dos comicios; ningún dos vellos dirixentes estaba disposto a facer campaña pública en favor dun partido escindido, mesmo o primeiro ministro Belka e o responsábel de Economía, Hausner, concorrían nas listas do centrista Partido Democrático, tamén apoiado por Mazowiecki que recolleu un 2,5% dos sufraxios. A SLD tamén se vía pexada pola súa pésima imaxe pública salpicada por escándalos de corrupción, coidadosamente amplificadas polo xornal de maior tiraxe, *Gazeta Wyborcza*, de modo semellante ao acontecido na derradeira lexislatura de Felipe González en España.

Dous dirixentes de trinta anos, Olejniczak e Napieralski, facíanse cargo da dirección do partido, que perdeu o 75% dos seus votos e deputados, malia ser un resultado mellor do indicado polas enquisas electorais. As súas mensaxes trataron de expresar unha ruptura total co pasado comunista e, de feito, ousaban publicar un anuncio electoral no que reproducían e se identificaban cos 21 postulados dos folguistas solidarios de 1980. “*Hai 25 anos tiñamos seis anos...*”, comezaba a mensaxe, duramente criticada decontado dende os círculos herdeiros de *Solidarnosc*, entre os que xa se esqueceron os puntos socializantes demandados polos obreiros de entón e que seguen sen ser satisfeitos.

O máis visíbel reflexo da desbandada da vella garda da SLD e do moito que se vai ter que transformar o centro-esquerda de Polonia para recuperar o poder acontecía nos comicios presidenciais: contando coa popularidade de que aínda goza Kwasniewski e que, constitucionalmente, non pode optar a un terceiro mandato, a SLD si mantiña opcións a través de Wlodimierz Cimoszewicz, quen fora primeiro ministro e ocupaba o cargo de ministro de Exteriores.

A un mes da presidenciais, as enquisas amosaban opcións reais de Cimoszewicz alomenos para repasar a primeira volta e obter unha derrota honrosa perante o candidato conservador en segunda volta. As denuncias, encol dunha conduta tan normalizada a día de hoxe entre os círculos empresariais, de utilización de información privilexiada na negociación das accións dunha empresa acabada de privatizar, apeárono da carreira cara a presidencia da República.

Na III República polonesa, o presidente conta con atribucións semellantes ás outorgadas actualmente pola V República Francesa ao atribuírse a máxima función representativa como cabeza de Estado, xefe dos exércitos e coordinador da política externa, así como a iniciativa na designación de primeiro ministro e o poder de veto sobre as medidas legais adoptadas polo *Sejm*, sempre e cando non as avale unha maioría parlamentaar cualificada. Pois ben, dimitido Cimoszewicz, como único candidato de esquerda á presidencia ficou Marek Borowski, proposto pola Socialdemocracia, SdPI, partido xa extraparlamentar ao non acadar o 5% do total de votos nacionais que a lei electoral esixe para outorgar representación no *Sejm*.

Borowski, antigo ministro escindido da SLD, e apoiado tamén polos minoritarios Unión do Traballo e os Verdes (*Zielony*) obtivo na primeira rolda das presidenciais pouco máis do 10% dos sufraxios, sen poder recoller todo o voto da esquerda, que lograra un 15% do voto para o *Sejm*, isto é, sumando os apoios a SLD e SdPI.

O voto a Borowski foi fundamentalmente urbano, e aínda que o seu maior apoio veu da terceira idade, nostálgica da cobertura social e laboral da vella economía social, obtivo máis votos dos agardados entre os novos electores, sendo tamén as persoas con alta formación académica entre as que atopou maior respaldo. Este perfil auguraba, como así foi, un apoio maioritario destes votantes cara o liberal Donald Tusk na segunda volta da eleccións presidenciais.

Resultados electorais recentes en Polonia						
	Parlamentarios	2001	Europeas	2004	Parlamentarios	2005
Participación		46,3%		20,0%		40,6%
Partido	Porcentaxe	Asentos	Porcentaxe	Asentos	Porcentaxe	Asentos
SdPI-UP	-	-	5,3	3	3,9	-
SLD	41,0	216	9,3	5	11,3	55
PD-UW	3,1	-	7,3	4	2,5	-
PSL	9,0	42	6,3	4	7,0	25
PO	12,7	65	24,1	15	24,1	133
PiS	9,5	44	12,7	7	27,0	155
SO	10,2	53	10,8	6	11,4	56
LPR	7,9	38	15,9	10	8,0	34

SdPI-UP: Socialdemocracia de Polonia-Unión do Traballo (en 2001 coligados coa SLD); **SLD:** Alianza da Esquerda Democrática; **PD-UW:** Partido Democrático-Unión Liberal; **PSL:** Partido do Pobo Polonés (partido campesiño); **PO:** Plataforma Cidadá; **PiS:** Lei e Xustiza; **SO:** Autodefensa; **LPR:** Liga de Familias Polonesas.
A lei electoral esixe un 5% do total de sufraxios nacionais para obter representación parlamentaria, agás no caso da minoría alemá que, en 2001 e 2005, obtivo 2 dos 460 asentos do Sejm cun 0,4% dos votos.
Elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Comisión Electoral Nacional de Polonia (Panstwowa Komisja Wyborcza) e <http://www.electionworld.org/>.

O terceiro candidato máis votado nos comicios presidenciais foi Andrzej Lepper, líder da que tamén resultou a terceira forza nas parlamentares, Autodefensa (SO). Lepper, superaba as previsións cun 15% de votos, fronte ao 11% de Autodefensa e todo apunta a que acolleu a votantes da tradicionalista católica Liga de Familias (LPR), que obtivera máis dun 7% dos sufraxios para o *Sejm*.

De feito, o perfil dos votantes de ambas formacións sería similar: habitantes do medio rural, de menor formación académica e afectados pola redución de proteccións sociais e as incertezas que o cambio de regras (liberalización e integración na UE) impón ao agro polonés, conformado con explotacións en moitos casos de mera subsistencia e que ve en Lepper, un enxeñeiro e granxeiro, que dispón de 300 ha, o líder populista que denuncia as debilidades da súa vida cotiá, perante a insensibilidade dos poderosos e os riscos de perda de soberanía nacional. Un discurso que podería asimilarse ao de Jean-Marie Le Pen en Francia e que calla nas áreas máis empobrecidas de Polonia, desencantadas da experiencia do socialismo real e case alleas por completo á participación política activa.

Preveuse que, de cara á segunda volta das eleccións presidenciais, ese voto populista, euroescéptico e católico tradicionalista se transvasara en bloque ao outro candidato que competiría nesa quenda, Lech Kaczyński, o que aconteceu case sen excepción.

Kaczyński, actual alcalde de Varsovia, e o seu irmán Jarosław, pasan por ser os protagonistas do próximo futuro político de Polonia. Tanto eles como o seu opoñente pola presidencia da República, Donald Tusk, proveñen da órbita de *Solidar-*

nosc, movemento no que estando apartados do xogo político vellos líderes coma Walesa e Mazowiecki, e enviados ao ostracismo os representantes da súa rama socializante, dúas sensibilidades dispútanse a preeminencia. A de Kaczynski, conservadora e defensora dun Estado forte, protector e corrector, e a de Tusk, entregada ao neoliberalismo. De feito nas propagandas electorais televisivas, tanto Tusk como Kaczynski recalcaban a súa militancia en *Solidarnosc* (pasado limpo) e rematan ofrecendo unha cordial imaxe das súas familias respectivas, relativas ao aprecio aos valores familiares e nacionais e proximidade aos problemas cotiáns.

A mensaxe principal de Lei e Xustiza, no estilo puro da demagogia *neoconservadora*, foi a de “máis seguridade, menos impostos”, que resume o ideario dos Kaczynski, asimilábeis a un Gianfranco Fini italiano (¿conviría sinalar tamén a Aznar?), sen reparos en prohibir manifestacións homosexuais en Varsovia e, de feito, integrados no Parlamento europeo nun grupo á dereita do Partido Popular Europeo.

Quen si están integrados no grupo popular europeo son os eurodeputados de PO, autocualificados como liberais, e que viron frustradas as súas expectativas, situándose como segunda forza parlamentar cun 24% dos sufraxios. De feito, a proposta máis rechamante da PO foi a da implantación da *tarifa plana* impositiva, un 15% nos impostos da renda, consumo e de sociedades, un vento regresivo que se vai estendendo polo leste europeo dende as pioneiras Estonia e Rusia. Do mesmo modo, Tusk conta con contactos internacionais de maior peso (a nova chanceler alemá, Ánxela Merkel, visitouno en agosto) en boa medida polo seu carácter menos euroescéptico.

Resultados e recapitulacións

Os resultados das parlamentares e das presidenciais perfilan un panorama político polonés aínda máis desprazado cara a dereita e a demagogia tradicionalista do que cabía agardar nos prantexamentos e enquisas estivais, xa que a prevista cohabitación Tusk-Kaczyński diríxese cara a hexemonía neoconservadora de Lei e Xustiza con apoios puntuais dende o catolicismo reaccionario.

Antes de achegar máis apuntamentos encol do próximo futuro político de Polonia, acudamos aos resultados das presidenciais do 9 e 23 de outubro:

	1ª quenda	2ª quenda
Participación	49,74%	50,99%
Candidatos		
Marek Borowski (SdPI)	10,33%	
Donald Tusk (PO)	36,33%	45,96%
Lech Kaczynski (PiS)	33,10%	54,04%
Andrzej Lepper (SO)	15,11%	

Na primeira quenda das presidenciais, Tusk tomou certa vantaxe con respecto a Kaczynski. Como dicíamos, o electorado de Tusk, aseméllase ao do esquerdista Borowski, pois tamén recolleu un voto principalmente urbano e formado, nu-

tríndose entre mozos e mulleres, mentres que o perfil do votante de Kaczynski é mais interclasista, rural e envellecido.

A Polonia das rexións máis dinámicas do Báltico e a área fronteiriza con Chequia e Alemaña (Posnania, Silesia), mesmo o distrito urbano de Varsovia, votou maioritariamente por Tusk e o mesmo se pode dicir da mocidade, moito máis motivada do que a xeración dos seus pais e avós para entrar no xogo da competitividade liberal, por moito que sufrira serias reducións de prestacións herdadas do socialismo real (por exemplo, os estudos universitarios van deixar de ser gratuítos).

No entanto, de cara á segunda volta, Lech Kaczynski (quen xa contaba co impulso de PiS como primeira forza parlamentar) foi quen de acaparar o protagonismo público e facerse coa iniciativa dos debates electorais para atraer a todo o electorado de Lepper, a Liga de Familias e o Partido Campesiño, dominando o voto rural mais tamén gañando posicións no ámbito urbano e a súa vitoria foi máis clara do prognosticado por ningunha sondaxe: 54% do total de sufraxios.

As quendas das eleccións presidenciais superpuxéronse ás negociacións para a formación de goberno e a dous meses da elección do novo *Sejm*, aínda non se produciu a investidura do novo *premier*, que PiS, como partido máis votado ten proposto na persoa de Kazimierz Marcinkiewicz, preferindo Jaroslaw Kaczynski manterse á cabeza do partido unha vez que o seu xemelgo Lech vai acceder á presidencia da República.

O acordo de goberno entre a Plataforma Cidadá (PO) e máis Lei e Xustiza (PiS), dado por feito dende meses antes dos comicios está a demorarse e mesmo podería non chegar a producirse. Nos medios de PO, a derrota ante o PiS e o abuso por parte de Kaczynski da demagogia nacional-tradicionalista na campaña electoral, multiplicaron as reticencias a colaborar cos vellos compañeiros de *Solidarnosc*, mesmo Kwasniewski chegou a formular a celebración de novas eleccións parlamentares.

Con todo, o socio menos desprazado á dereita dun hipotético futuro goberno polonés, a PO, tampouco deixa de ser un europeísta de oportunidade, disposto a seguir os pasos de Tony Blair como antes de Aznar e fortalecer o *status quo* nado en Niza, ben como a bloquear calquera proxecto federalista máis audaz que o da felizmente malograda Constitución. A dereita polonesa aproveitouse dunha conxuntura política in mellorable, na que se conxugaron o descrédito do goberno da SLD con eventos como o do renacer da identificación catolicismo=nación polonesa, ante o falecemento de Xoán Paulo II, así como a nova luva (ou mesmo canonización) dos solidarios, coincidindo co 25 aniversario das folgas de agosto dos estaleiros de Gdansk, que máis que nunca deslexitimaron ás opcións de esquerda, ao asocialas co pasado ditatorial, mentres Walesa, Wojtyla e os seus actuais herdeiros, Tusk e Kaczynski, iniciarían o cambaleo de moitos muros, dende Gdansk a Berlín e mesmo Kiev en 2004. A versión polonesa de *L'estaca* de Luís Llach foi tamén a canción dos que querían tombar a ditadura polonesa e voltou soar omnipresente neste verán.

Mais tamén en Polonia o neoliberalismo vese a cada paso máis superado pola súa dimensión *neocoon*, sendo quen de zafarse ante a opinión pública e librase

de responsabilidades ante os obscenos e omnipresentes problemas de destrución medioambiental, guerra, ditadura e fame universais, mentres segue a ser quen de atribuírse calquera mellora de benestar social e democratización que se produza nalgún (contado) país. Mentres que a esquerda (aquilo alén da socialdemocracia) está a ser facilmente identificada coas derivas das revolucións rusa e chinesa, ao tempo que illada social e politicamente (Alemaña como derradeiro exemplo).

O que está a acontecer en Polonia, onde non convén confundir unha sociedade maioritariamente católica cunha sociedade reaccionaria, pois non o é, mais si se produce un crecemento da participación política (cada vez acode menos xente ás urnas, cun 40% de participación nas parlamentares e un 50% nas presidenciais) e unha crecente hexemonía na vida pública pola demagogia conservadora, en troques podería ser un sinal para a esquerda política, encol de cara onde conduce a non renovación de liderados e idearios, o non tomar de riscos a prol da construción da sociedade que se desexa.

Rematando o 2005, e a piques de expirar o mandato de Kwasniewski está por ver, xa que logo, se os xemelgos Kaczynski, van ocupar as altas maxistraturas polonesas, ou se as compartirán coa Plataforma Cidadá (PO) de Tusk. Tamén está por ver se realizará o seu principal obxectivo declarado, o de parir a IV República, nun senso máis presidencialista e intúese que menos garantista.

No que ao escenario europeo respecta, agardando polo que suceda a vindeira primavera en Italia, estamos ante unha nova evidencia da perda da iniciativa política da esquerda, coa socialdemocracia condenada a ser mera comparsa lexitimadora dun sistema máis e máis monopolizado pola demagogia conservadora. O desconcerto ante as revoltas francesas, a renuncia ao poder da esquerda alemá malia refrendar a súa maioría social ou a vergonzosa política do laborismo británico no poder, son exemplos recentes dunha cadea de erros históricos aos que se vén sumar Polonia e todo isto, malia que periodicamente emerxen maiorías sociais, como o movemento pacifista de 2003 ou a recente paralización da chamada Constitución europea, que demandan outra dinámica de relación do poder político coa sociedade e que rememoran as nosas consciencias de que outro mundo é posíbel.

Anxo Collarte é licenciado en Historia pola Universidade de Vigo.